



## Concello de Xove

**Gestor de Expedientes. Expediente núm.: 348/2023**  
**Procedimiento: CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO CONCURSO LITERARIO E DE ARTES PLÁSTICAS DO DÍA DAS LETRAS GALLEGAS 2023**  
**Documento asinado por: O TÉCNICO MUNICIPAL DE CULTURA**

### **BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DOS PREMIOS DO CONCURSO LITERARIO E DE ARTES PLÁSTICAS DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS**

O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de incentivar a participación cidadá nos actos programados para a celebración do Días das Letras Galegas 2023, establece as normas reguladoras da participación e dos premios que se outorgarán aos participantes que interveñan no Concurso Literario e de Artes Plásticas programado ao efecto, de acordo coas seguintes bases:

#### PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do Concurso Literario e de Artes Plásticas a celebrar para conmemorar o Días das Letras Galegas, organizado polo Concello de Xove.

#### SEGUNDA.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destes premios calquer/a neno/a ou rapaz/rapaza empadroad/a no Concello de Xove en idade escolar (desde preescolar ata 4º de ESO).

A documentación a presentar será a seguinte:

-Ficha de inscrición establecida ao efecto

A ficha de inscrición deberá presentarse, xunto co/s traballo/s a concursar na Biblioteca Municipal con data límite 12 de maio de 2023; se por cuestións de Covid a Biblioteca pechase ou estivese pechada, a inscrición realizaríase no despacho do Técnico Municipal de Cultura en horario de oficina (de luns a venres, dende as 7:45 ás 15:15 horas), tamén con data límite de 12 de maio de 2023.

#### TERCEIRA.- NORMAS DE REALIZACIÓN DOS TRABALLOS





## Concello de Xove

Todos os traballos deberán estar realizados obrigatoriamente en galego.

Os traballos deberán presentarse en folios tamaño A4, por unha soa cara, figurando no reverso dos mesmos o nome e apelidos, idade, curso e colexio ou instituto do participante.

Os traballos non poderán ocupar máis de dous folios por unha soa cara.

Calquera alumno poderá participar nas modalidades que desexe, cun ou máis traballos en cada modalidade. Non obstante, cada participante non poderá recibir máis de un premio por modalidade.

### A. Concurso Literario

Os participantes nesta modalidade deberán ser alumnos de entre 1º de Primaria ata 4º de ESO, ambos incluídos, poderán optar libremente por:

- Realizar poesía con medida e temática libre
- Escribir un conto ou relato de temática libre
- Facer unha redacción que verse obrigatoriamente sobre a vida e/ou obra do autor ao que se adique o Día das Letras Galegas

### B. Concurso de Artes Plásticas

Os participantes poderán optar libremente por:

- Realizar un debuxo de temática e composición libre
- Realizar un cómic que verse obrigatoriamente sobre a vida e/ou obra do autor ao que se adique o Día das Letras Galegas.

As técnicas a empregar tanto en debuxo coma en cómic quedan a elección do autor, podendo empregarse mesmo o "collage".

### CUARTA.- COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado estará formado por un mínimo de 3 membros, podendo estar composto por ata seis membros:

-Dous representantes seleccionados pola organización do concurso de entre os representantes das asociacións culturais, deportivas ou de outra índole, que consten inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

-Un representante da ANPA do CEIP Pedro caselles Rollán

-Un representante do CEIP Pedro Caselles Rollán

-Un representante do IES Illa de Sarón

-Un representante do Concello de Xove, que será a Bibliotecaria Municipal

Actuará como Secretario do Xurado o Técnico Municipal de Cultura e Comunicación do Concello, con voz e sin voto

### QUINTA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía máxima destinada aos presentes premios é de 2.415 euros € (partida 334.481 do Estado de Gastos do Municipal).





## Concello de Xove

### SEXTA.- PREMIOS

Haberá tres premios (primeiro, segundo e terceiro) por curso para cada un dos concursos.

Os premios consistirán en lotes de material escolar cunha valoración de 35 euros. O xurado poderá deixar deserto calquera dos premios, se así o considera oportuno. O orzamento total destinado ao presentes premios poderá ser dividido entre os resto de premios no caso de que algunha categoría quedara deserta co que o importe de cada lote de premios será variable en función do número de premiados.

Os traballos premiados poderán ser utilizados polo Concello na realización de publicacións, promocións ou outros. Neste caso, o Concello estará obrigado a que o nome do autor/a do traballo figure nun lugar visible da publicación.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

### SÉTIMA.- PROCEDEMENTO DE ENTREGA DE PREMIOS

Unha vez rematado o prazo de entrega de traballos, o xurado reunirse e levantará acta na que consten os premiados por orde decrecente e por categorías.

Sobre a acta do xurado, emitirase informe-proposta polo Técnico Municipal de Cultura, que se elevará ao Alcalde-Presidente, órgano competente para a concesión dos premios.

Pola súa consideración de premio en especie, o establecemento ou establecementos comerciais nos que se adquiran os lotes de material escolar, deberá emitir factura a nome do beneficiario do premio ou do seu titor legal. Non obstante dita factura será abonada polo Concello.

### OITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A presentación da ficha de inscrición supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estrictamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

### NOVENA.- INFORMACIÓN AOS BENEFICIARIOS DOS PREMIOS

Con carácter xeral, os premios están incluídos no ámbito de





## Concello de Xove

---

aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Xove é un órgano obrigado a facilitar información da concesión dos presentes premios á Base de Datos Nacional de Subvencións. Igualmente, con carácter xeral, non obstante o establecido na Base Quinta (non existe obriga de practicar retención por ser inferiores a 300,00 euros), os premios están suxeitos ao IRPF segundo o establecido no artigo 75.2 do RD 439/2007, de 30 de marzo, sendo a Axencia Estatal da Administración Tributaria un dos órganos cesionarios dos datos rexistrados na Base de Datos Nacional de Subvencións en virtude da colaboración coa Administración Tributaria que establece o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Non obstante, e de acordo co establecido no artigo 4 do RD 130/2019, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións de demais axudas públicas, no será obrigado subministrar por parte do Concello información das resolucións de concesión dos premios nin do pago dos mesmos sempre e cando o importe anual outorgado a un mesmo beneficiario non supere a contía total de 100,00 euros.

### **ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**

